

# POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS

## Loar, facer reverencia e servir a Xesús, meu Rei.

### 1. VER: Falando de reis

-Seguro que, se falamos de reis, soaranvos algúns. Empezamos polo reis de España comentando os seus nomes, a súa función e como debemos tratalos. Podemos seguir pola serie “Xogo de Tronos”, cal é o seu argumento e que poder teñen os reis. Terminamos cunha frase que oímos no casa pois se lle di aos fillos e netos: “Ti es o meu rei (ou a miña raíña)”, que queremos dicir e se nos gusta.

*Como se identificaba aos reis de antes?  
É Xesús un rei coma eles?*

### 2. JUZGAR: Xesús quere ser o Rei

-No evanxeo de hoxe, Xesús declárase ante Pilato como **rei**, pero di: *“o meu reino non é deste mundo”, eu son rei”, e “vin para ser testemuña da verdade”*.

#### .QUE NOS QUERE DICIR?

-Xesús é rei pero non un rei como Pilato ou nas pelis: non leva coroa, nin cetro de mando, nin senta nun trono de ouro, nin quere vasalos, nin un exército que impoña a súa vontade.

-**Xesús quiere reinar nos nosos corazóns**, quiere que o amemos, que vivamos para el. Quere que nos parezamos a el vivindo o evanxeo: testemuñas da verdade, xustiza... **Como será Xesús rei do noso corazón?**

\***Loándoo**: os paxaros cantan ao creador, a nosa tarefa na vida é loar a Deus, cantarlle, darlle grazas, vivir para el.

\***Facéndolle reverencia**: témolo presente no sagrario, ao pasar diante do sagrario ou dunha igrexa fagamos o xesto “No nome do Pai”, andemos no templo con respecto, entremos a visitalo.

\***Servíndoo nos pequenos e nos pobres**: Xesús ten rostro de pobre, eles son os seus preferidos... Amémolo e sirvámolo no que nos necesite.

*Como pode ser Xesús o teu rei?*

### **3. ACTUAR: Sirve a Xesús, o teu Rei**

-Poderíamos disfrazar a un cos atributos de rei ao uso (trono, coroa, cetro, manto) e outro de Xesús (trono da cruz, coroa de espinas, o cetro do servir e o manto do amor).

-Pensamos en que mellorar (un e en grupo) para que Xesús sexa o rei da miña vida.

-Dialogamos en que habería que facer para que os pobres sexan a coroa da nosa cabeza (acordémonos máis deles) e do noso corazón (amémolos).

-Recordade sempre o que dicía santo Agostiño: *“Nunca vos pesará querer a Xesús?”*.

*Que imos facer?*

## LECTURAS

### **DANIEL 7, 13-14:**

*O seu poder é un poder eterno.*

Seguín mirando. E na miña visión nocturna vin vir unha especie de fillo de home entre as nubes do ceo. Avanzou cara ao ancián e chegou ata a súa presenza. A el déuselle poder, honor e reino. E todos os pobos, nacións e linguas servírono. O seu poder é un poder eterno, non cesará. O seu reino non acabará. *Palabra do Señor.*

### **SALMO 92**

**R/. O Señor reina, vestido de maxestade.**

### **APOCALIPSIS 5, 1-8:**

*O príncipe dos reis da terra fíxonos reino e sacerdotes de Deus.*

**XOÁN 18, 33-37: *Ti o dis: son rei.***

**Narrador:** Naquel tempo, Pilato díxolle a Xesús:

**Pilato:** -«Es ti o rei dos xudeus?».

**Narrador:** Xesús contestoulle:

**Xesús:** -«Dis iso pola túa conta ou dixéroncho outros de min?».

**Narrador:** Pilato replicoulle:

**Pilato:** -«Seica son eu xudeu? A túa xente e os sumos sacerdotes entregáronte a min; que fixeches?».

**Narrador:** Xesús contestoulle:

**Xesús:** -«O meu reino non é deste mundo. Se o meu reino fose deste mundo, a miña garda loitaría para que non caese nas mans dos xudeus. Pero o meu reino non é de aquí».

**Narrador:** Pilato díxolle:

**Pilato:** -«Entón, ti es rei?».

**Narrador:** Xesús contestoulle:

**Xesús:** -«Ti o dis: son rei. Eu para isto nacín e para isto vin ao mundo: para dar testemuño da verdade. Todo o que é da verdade escoita a miña voz».

***Palabra do Señor.***

***(Narrador-Pilato-Xesús)***